XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Secretaría Xeral de Familia e Benestar

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

XACOBEO 2010
Galicia

Instrución para aplicar nos procesos de adopción nacional e internacional a partires da data da súa firma.

Con motivo dos casos de familias idóneas solicitantes de adopción nacional e internacional e a espera de asignación ou integración de menor, nos que concorren por unha banda a tramitación do seu expt de adopción, e por outra un proceso de xestación/embarazo ou nacemento ou integración de outros menores en adopción internacional ou nacional.

A Secretaría de Familia e Benestar a través da súa Subdirección Xeral de Familia e Menores infórmalles aos seus respectivos equipos técnicos de adopción dos Departamentos Territoriais, respecto destes casos o seguinte:

Si no transcurso da tramitación dun expediente de adopción, a familia atopásese cun proceso de embarazo, nacemento ou integración de outro/s menor/es en adopción internacional ou nacional, o primeiro paso da familia deberá ser informar ao seu equipo técnico de referencia, pois o caso de ocultación da información transcendental se considerará grave.

Ante unha situación deste tipo, embarazo ou novo nacemento ou adopción dun menor, o procedemento de adopción nacional ou internacional pendente, deberá ser parado e non promover ningunha asignación ou integración dun menor para esa familia.

Transcorridos un mínimo de 12 meses e máximo de 18 meses, dende o nacemento do fillo ou da integración dun menor en acollemento preadoptivo ou adopción de un menor de adopción nacional ou internacional (ratificado polo documento que acredite o acollemento preadoptivo ou sentencia de adopción ou inscrición en rexistro civil), a familia deberá notificar por escrito o seu desexo ou intención de anular a paralización/suspensión e reactivar o seu expediente de adopción nacional ou internacional paralizado.

E deberá serlle reevaluada e/ou actualizada polos equipos técnicos correspondentes a idoneidade, que deberá ser notificada aos Servizos Centrais -a Subdirección Xeral de Familia e Menores- a actualización da idoneidade e a anulación ou vencemento da suspensión temporal e reactivación do expediente paralizado, e ou incluso se procede unha non idoneidade segundo cada caso.

A familia se o desexa e manifesta pode tamén proceder ao peche e arquivo do seu expediente.

Nos casos de adopción internacional estarase supeditado tamén as especificacións de cada país.

Con esta instrución anulase a anterior instrución de data 17 de febreiro de 2009 que se aplicaba soamente na adopción internacional e con esta nova equiparase ou fusionase a situación para que se permita a paralización/suspensión dos expedientes tanto en procedementos de nacional como de internacional.

En Santiago de Compostela, a 03 de novembro de 2009.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR
SECRETARÍA XERAL DE FAMILIA E BENESTAR

María del Mar Pousa Cobas
A Subdirección Xeral de Familia e Menores.